

Manuel Álvarez Torneiro. *Luz de facer memoria*

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2012 [2001]). “Manuel Álvarez Torneiro. *Luz de facer memoria*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 251-252. Re-edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1845>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2001). “Manuel Álvarez Torneiro. *Luz de facer memoria*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 251-252.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Manuel Álvarez Torneiro. *Luz de facer memoria*
A Coruña: Deputación Provincial**

Luciano Rodríguez

Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), xornalista e poeta, voz ben definida e de contornos claros; cronoloxicamente Álvarez Torneiro é membro da Xeración do Medio Século (xa se sabe: Bernardino Graña, Antón Avilés de Taramancos, X. L. Franco Grande, Xohana Torres, X. L. Méndez Ferrín, Salvador García-Bodaño...), mais que pola súa persoal circunstancia de biografía literaria quedou totalmente á marxe do seu propio grupo xeracional. Certo que Álvarez Torneiro dá os seus primeiros pasos literarios —anos 50— co Grupo Poético “Amanecer”, xunto (entre outros) con Avilés de Taramancos, e alentados por Miguel González Garcés. Pero a súa obra aparece serodiamente e isto fixo que non sempre fose tido en conta á hora dos recontos e dos inventarios poéticos xeracionais. Agás Basilio Losada (*Poetas Gallegos de Postguerra*, Ocnos, Barcelona, 1971) e X. L. Méndez Ferrín (*De Pondal a Novoneyra*, Xerais, Vigo, 1984), que si se ocuparon con certa extensión da súa obra de creación poética, o certo é que a súa incorporación, xa andada a década dos oitenta, ó mundo dos autores éditos, fixo posible a súa valoración e ós poucos vaise facendo co lugar que en xustiza poética ten máis que merecido.

Ó día de hoxe dez son os poemarios que nos ten entregado Álvarez Torneiro: *Memoria dun silencio* (1982), *Desnudo en barro* (1983), *Cenizas en el salmo* (1985), *Fértil corpo do soño* (1986), *Restauración dos días* (1986), *As voces consagradas* (1992), *As doazóns do incendio* (1993), *Rigurosamente humano* (1984), *Habitante único* (1997) e *Luz de facer memoria* (1999). Así pois, dez libros e dúas linguas: dous escritos en castelán e oito en galego. Algúns destes libros foron merecentes de premios literarios. En concreto, con *Rigurosamente humano* gañou

o Premio Esquíu e por *Luz de facer memoria* recibiu o Miguel González Garcés (1998) e o Premio da Crítica Española (1999).

Nos catro primeiros libros hai unha proposta poética que responde a distintos estímulos sociais e foron tributarios en gran parte da inmediatez, da actuación directa, do día a día; libros onde se amosan elementos propios da poesía social, ou das relacións humanas máis conflictivas e da peripecia do cotián. Son libros dun autor máis novo e no que aínda non pesaba tanto o fardo da memoria que vai cobrando corpo na súa obra posterior e que ocupa totalmente o libro *Luz de facer memoria*.

Se xa nos libros anteriores —desde *Restauración dos días*— se viña observando a carga semántica da memoria, neste seu último e premiado libro cremos que pecha o circo que iniciara coa publicación do ano 1986. *Luz de facer memoria*, composto por 42 poemas, está ben claramente definido por canto a súa tonalidade modal e intencional. Efectivamente os poemas van precedidos de dúas citas que non deixan ningún lugar para a dúbida: “El solo de flauta en la terraza de la memoria” (Octavio Paz) e “No aroma rumoroso da lembranza” (Miguel González Garcés). E pecha unha frase da novela *Bomarzo* de Manuel Mujica Lainez: “Quien recuerda no ha muerto”. Temos, xa que logo, que na concepción poética de Torneiro a palabra ha de seguir falando por el, aínda que nunca volva a vivir e pisar os escenarios que a memoria funda e refunda na voz que fai luz e que xa é memoria para un presente futuro no que a palabra ha de seguir a dicir e fundar nos ollos do lector que viaxará polo texto poético.

Hai neste poemario unha chama permanentemente acesa debido ó poder recordatorio dominante nunha determinada idade da vida; unha liña iluminativa que conduce coñecemento e expresión, substancia e vivencia, un intento de salvar, por vía da beleza, o que se vai perdendo nas brumas do tempo: vivencia e experiencias que nos foron enriquecendo no transcurso da vida, que o foron todo, plenitude e afirmación, agora séntelas ameazadas, e ergue o seu canto para as pór a salvo do fracaso e finitude que é toda vida.

Atópanse presentes lugares e vivencias, e sobre todo figuras fundamentais na historia persoal do autor; aquelas que representaron o amor, o refuxio, o sacrificio, a experiencia compartida, a humildade e a entrega.

É este un libro gobernado por unha moi coidada expresión, de por veces dentro dun alento poético de gran percorrido e defensor, sobre todo, desa luz que emerxe con poder de fascinación.

Pódese dicir que os catro últimos libros de Manuel Álvarez Torneiro —*As doazóns do incendio*, *Rigurosamente humano*, *Habitante único* e *Luz de facer memoria*— son un só e único libro a nivel temático, o libro capital da memoria, con non pouca carga de melancolía, indagación crucial da identidade, poder de evocación e homenaxe permanente á palabra.

Poesía moi traballada que amosa un grande oficio e que denota o paso do autor por moitas lecturas, e un trato constante co mundo artístico tan enriquecedor e que tanto pesa en determinados momentos do poemario que nos ocupa.